



# normas xerais

## acceso a instalación

- ✓ Os usuarios virán provistos de máscaras cirúrxicas ou hixiénicas.
- ✓ Os pais/nais non poderán acceder ao interior da instalación, deixarán os/as fillos/as na entrada da instalación. Os conserxes ou monitores daranlle as indicacións correspondentes ata o acceso á pista.
- ✓ Procederán á desinfección de mans á entrada do recinto co xel hidroalcohólico disposto para os efectos.
- ✓ Manterán unha distancia mínima interpersonal coas demais persoas usuarias e co persoal traballador de polo menos 1,5 metros.
- ✓ No pavillón de Rianxo e no de Taragoña a capacidade máxima permitida nos vestiarios é de 5 deportistas segundo a normativa vixente. Excepcionalmente, permitirase o cambio de calzado na pista cando a capacidade dos vestiarios estea completa. O persoal da instalación informará deste punto a pais/nais e usuarios/as. Os bolsos ou mochilas non quedarán nos vestiarios, as persoas usuarias accederán con eles á pista deportiva deixándoos nunha zona habilitada para tal fin.
- ✓ No resto de instalacións nas que se desenvolven as actividades accederase a elas e cambiarase o calzado no interior naquelas nas que sexa preciso facelo.
- ✓ Co fin de evitar coincidencias e tempos mortos de espera nas instalacións, prégase chegar 5 minutos antes da hora de comezo da actividade.
- ✓ Os pais/nais non poderán permanecer na instalación durante o transcurso das actividades.
- ✓ É obligatorio o uso da máscara todo o tempo de circulación ata o espazo deportivo.